

A Rede e as linguas

O pasado 6 de novembro *La Voz de Galicia* informaba de que a medra do número de internautas chineses e xaponeses está a reducir a hexemonía do inglés, e advertía da posibilidade de que o castelán perda a súa posición na Rede a custa das linguas asiáticas, segundo un informe de Global Reach de novembro deste mesmo ano.

É moi recorrente asociar a representación dunha lingua en Internet co número dos seus falantes internautas; tamén en Galicia, onde existe unha despreocupación bastante estendida sobre o que pasa na Rede co galego, por mor do reducido número de usuarios galegos, mesmo entre os sectores con máis inqueda pola saúde do noso idioma. Non imos negar a necesidade dunha *masa crítica* de internautas para que unha cultura e unha lingua se reflectan en Internet; sen embargo, trátase dun argumento que cómpre matizar. A preminencia abafante do cinema norteamericano, ¿ten que ver co número de espectadores ou coa existencia dunha poderosa industria e dunha política pública de apoio? A medra de espectadores de cinema en Galicia, ¿traduciuse nun maior número de filmes galegos ou no noso idioma? Os exemplos non son completamente paralelos, porque as posibilidades de realizar unha película son, para a maioría dos mortais, moito menores que as de poder saltar á Rede, para o que só se require, no plano puramente técnico, dunha computadora e dunha conexión a Internet. Pero a comparación si que nos serve para ilustrar as nosas teses: a posición dunha lingua e dunha cultura en Internet depende sobranceiramente da cantidade e da calidade dos contidos (servicios, información, comunicacións) que se fornezan nesa lingua.

No Quebec ou en Cataluña sábeno ben, e ambos os países están fomentando (no caso quebequés, dende 1994) políticas públicas específicas. Tamén en España, onde se pretende crear un grande espacio lingüístico-comunicacional, co apoio de Telefónica e doutros conglomerados financeiros, e co Instituto Cervantes como abandeirado desa nova política, moito máis agresiva e expansiva, tanto de cara ás linguas propias do Estado, como cara a un espacio tan querido para nós coma o portugués, especialmente no Brasil.

Xa que logo, os perigos da globalización na súa vertente de asimilación lingüístico-cultural a través de Internet non nos veñen só da man do inglés, como teimudamente sinalan os medios españois e os seus ecos mediáticos galegos, senón e principalmente, da man do castelán. A *ameaza inglesa* (ou mellor aínda, estadounidense) non se ve acrecentada nin pola presión da publicidade noutros medios de comunicación de masas (por exemplo, os cada vez máis abundantes anuncios na prensa, na radio ou na televisión sobre servicios de/en Internet), nin polas facilidades de comprensión lingüística con que si conta o español entre os internautas galegos.

Deixar o galego ó paio do temporal globalizador, é condenalo á morte por afogamento do espazo comunicacional que lle corresponde e que lle está a comer o castelán.

O galego na Rede

Se a representación do noso idioma en Internet dependese unicamente do número de internautas, deberían tomarse medidas xa para incrementalas: segundo a vaga de outubro de 1999-maio de 2000 da Asociación para a Investigación dos Medios de Comunicación, só o 6,3% da poboación galega é usuaria da Rede. Sen embargo, este dato nu acubilla sectores moi dinámicos da sociedade, e agocha, por exemplo, a cantidade de mozos e mozas que ocupan os cibers das nosas cidades e vilas.

¿E se depende dos contidos que é capaz de xerar o país? Á primeira vista, os datos son bastante alentadores: as investigacións e informes realizados sobre a cuestión ata agora barallaban que o 45% dos webs en 1997 e o 34,3% no ano 2000 poden consultarse en galego, única ou opcionalmente. Se debullamos as porcentaxes, obsérvase que a instalación do galego en Internet varía por sectores, e mingua significativamente nalgúns que son chave. Segundo os nosos datos, un 91% na Administración autonómica, un 73,2% nos concellos, un 50% nas deputacións provinciais; case un 100% nos centros públicos de primaria e secundaria, fronte ó 23% dos privados; un 14,5% nas empresas; un 38% nos medios de comunicación...

De xogarmos con outros indicadores, habemos observar síntomas preocupantes. En xeral, e agás honrosas excepcións, os webs con opción de seren consultados en galego adoitan corresponder a folletos planos, con falta de actualización, mal posicionados na Rede, e de escaso interese para os internautas. Pola contra, adóitase proscribir o noso idioma en webs -ou partes deles- máis dinámicos, que ofrecen contidos e servizos interesantes e actualizados: as páxinas da Xunta de Galicia relativas á empresa, o web da Deputación da Coruña (exclusivamente en español), o proxecto educativo do Concello herculino, actividades emerxentes de comercio electrónico, webs dos xornais diarios, etc. Dedúcese en moitos casos a renuncia implícita a un espazo galego a prol do castelán como lingua e espazo comúns.

O último dato para a reflexión é que só existe 1,29 webs galegos por cada 1.000 habitantes, a boa distancia dos 22,8 de media do Estado español ou dos 21,08 de Portugal, e desde logo moi por baixo de Irlanda (62,8), O Quebec (82,2), etc. A cifra representa a presenza dos diferentes sectores galegos en Internet, a oferta de servizos de seu con que o país se proxecta na arañeira tanto cara ó exterior como cara ós galegos. Por poñer algúns exemplos, só o 14% dos concellos, o 3,29% dos centros de ensino non universitario ou o

0,84% das empresas posúen web, e para iso, na meirande parte dos casos, de xeito cativo: só o 7% dos webs galegos ofrecen servicios avanzados.

Xa que logo, ese 6% de internautas galegos recoñecidos, os mozos e mozas que ateigan os cibers, os nenos e nenas que han acceder a Internet dende a escola -disque, segundo a Consellería de Educación, de maneira xeneralizada por fin para o 2001-, ¿que van atopar galego e en galego na Rede? ¿Vanse ver obrigados, como veu sucedendo ata agora, a botar man de contidos alleos e noutras linguas para acceder á sociedade da información? ¿Imos ter que mergullarnos outra vez no espacio comunicativo español da Rede e logo tentar nadar contra corrente?

A necesidade dunha nova política lingüística

As tendencias que albiscamos, con ser preocupantes, non deixan de ser o froito da inexistencia a nivel galego dunha política propia para a sociedade da información, entendida como un programa estratéxico xeral para que Galicia ocupe nela o lugar que proporcionalmente lle corresponde.

É absolutamente urxente e necesaria unha nova política lingüística inserida nese programa estratéxico, que corte transversalmente tódalas outras políticas do sector da produción, a circulación e o consumo de bens simbólicos, que incentive a produción de contidos propios, así como o coñecemento e acceso a eles: cómpre termos servicios en liña e un público que os utilice. As fronteiras xeográficas saltan coas novas redes de comunicacións; poñamos os esteos para, parafraseando a Miquel de Moragas, crearmos un espacio de oportunidade para a nosa lingua.